

**APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN**  
**PROCEDEMENTO ABERTO NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA**

**DENOMINACIÓN DO EXPEDIENTE:**

**SERVIZO:** Auditoría de Contas Anuais de SPI Galicia, SA. Exercicios 2023-2024-2025.

**CLAVE:** ATSP230101

**ANTECEDENTES:**

A Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, S.A. instruíu e examinou o expediente para a contratación do servizo de referencia.

No expediente constan os documentos esixidos no artigo 116 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante, LCSP).

O expediente tramítase por procedemento aberto simplificado.

**CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS**

1. O artigo 318 da LCSP regula a adxudicación dos contratos non suxeitos a regulación harmonizada polos poderese adxudicadores que non teñan a condición de Administracións Públicas .
2. O artigo 116 da LCSP regula o contido que debe ter o expediente de contratación.
3. O artigo 122 e 124 da LCSP recolle a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e dos pregos de prescricións técnicas.
4. Segundo o artigo 117 da LCSP, completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación.
5. O Consello de Administración da Sociedade Pública de Investimentos de Galicia, SA como órgano de contratación ten a competencia para aprobar os pregos e o expediente de contratación de acordo co artigo 11 dos seus Estatutos.

De acordo con todo o indicado o Consello de Administración na súa reunión do 3 de outubro de 2023, **resolveu** aprobar o prego, o expediente de contratación e o inicio da licitación da subministración por procedemento aberto.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

Francisco Menéndez Iglesias  
Presidente de SPI-Galicia

